



Concello do Porriño

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DA CONTRATACIÓN TRABALLADOR SOCIAL

O obxecto destas bases é a urxente selección e contratación laboral dun Traballador Social, mediante a modalidade de contrato de obra ou servizo determinado, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada denominado "*Programa especial COVID-19, de atención a persoas problemáticas específicas agravadas pola pandemia*", que finalizará o día 31-12-2021, subvencionado pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Sistema de Selección: Concurso.

Prazo para a presentación de solicitudes: 5 días naturais, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no Faro de Vigo.

Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou nas demais formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que as solicitudes se presenten en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello, é necesario que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ao número 986/33.58.50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

Bases de selección: Están expostas no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e na páxina web municipal www.oporriño.org
Documento asinado dixitalmente ao marxe